

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES AMENCER-ASPACE PARA POSIBILITAR O DESPRAZAMENTO DE ALUMNADO DISCAPACITADO AO CEEPR AMENCER-ASPACE E AO CEEPR PRINCESA LETIZIA.

### REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González actuando en nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Carlos Godoy Casalderrey que actúa no nome e representación da Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE, na súa calidade de presidente, renovado no seu cargo na asemblea xeral celebrada o día 4 de maio de 2017.

### EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o departamento autonómico que ten atribuídas as competencias en materia de xestión, control e coordinación do transporte escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, e as exerce coa finalidade de garantir o dereito de acceso ao ensino de todos os escolares galegos.

II.- Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, necesitando utilizar o transporte escolar para asistir a clase, precisan dunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

III.- Que a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co obxectivo último de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como lograr a súa propia recuperación, rehabilitación e



integración na sociedade, para todo o cal colabora con organismos e entidades relacionados coa problemática das persoas discapacitadas, consciente da necesidade de atención especial e individualizada que requiren estas persoas.

IV.- Que ámbalas dúas partes están interesadas na mutua colaboración a fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lle permitan ser escolarizado, aínda que sufra calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal, que impida o emprego do servizo de transporte escolar ordinario.

V.- Que a problemática habitual de grandes discapacidades require contar con asociacións especializadas e cun amplo bagaxe de experiencia, que faciliten non só vehículos especialmente adaptados ás doenzas, senón tamén, a atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado, e do control dos protocolos de actuación a aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o transporte dos escolares.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE, acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes cláusulas,

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

Constitúe o obxecto deste convenio a mutua colaboración a fin de posibilitar o desprazamento do alumnado discapacitado, que figura na memoria de detalle do servizo da entidade anexa ao convenio, dende os seus domicilios ao CEEPR Amencer-Aspace e ao CEEPR Princesa Letizia (ida e volta) radicados na provincia de Pontevedra.

Igualmente, este convenio posibilitará o seu traslado a/ou desde os centros nos que reciba tratamento rehabilitador cando o dito tratamento coincida co horario escolar.



## **Segunda.- Compromisos da Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE**

Para acadar este obxecto a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE comprométese a facilitar os desprazamentos descritos na cláusula primeira deste convenio cos vehículos adaptados que resulten necesarios, nos termos sinalados na memoria de detalle do servizo e na memoria de gastos da entidade, que se xuntan como anexo deste convenio.

De conformidade co disposto no artigo 41.2 do Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres (BOE núm. 241, do 8 de outubro), non será necesaria a obtención do correspondente título administrativo habilitante para a realización de transportes privados complementarios de viaxeiros, non sanitarios, que se realicen en vehículos de turismo.

## **Terceira.- Función de acompañamento e atención ao alumnado**

A función de acompañamento e atención do alumnado en cada desprazamento corresponde ao persoal auxiliar que a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE se compromete a facilitar para o efecto, se ben nos vehículos poderán viaxar os cuidadores daquelas persoas que, debido á súa discapacidade, precisen dun acompañamento individualizado, continuo e permanente.

## **Cuarta.- Financiamento e pagamento**

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade compensará cada mes a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE polos gastos derivados da súa colaboración, coa cantidade global que resulte de multiplicar o 80% do custo total diario por alumno/a desprazado/a, fixado na memoria de gastos da entidade, polo número de alumnos/as de que se trate.

Igualmente a Consellería de Cultura, Educación e Universidade compensará a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE pola súa colaboración, coa cantidade global que resulte de multiplicar o 80% do custo total diario de cada persoa auxiliar destinada pola entidade nos vehículos adaptados, fixado na



citada memoria de gastos da entidade, polo número de persoas auxiliares de que se trate.

2. A consellería colaborará coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE cunha achega máxima de **112.139,14 €** (44.731,04 € no ano 2021 e 67.408,10 € no ano 2022) que se financiará con cargo á partida orzamentaria 10.10.423A.223.08 dos orzamentos xerais de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2021 e 2022.

3. Mensualmente a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE percibirá as compensacións sinaladas na cláusula cuarta, previa xustificación da execución das actividades de colaboración obxecto deste convenio. Para estes efectos, a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE facturarálle á consellería os traslados realizados e a persoa titular da Xefatura de Servizo de Apoio aos Servizos Educativos da Xefatura Territorial de Pontevedra, certificará, co visto e prace do xefe territorial, que as ditas actividades cumpren os termos do convenio, especificando o nome dos alumnos e alumnas atendidos, o número de días que utilizaron o servizo, e as cantidades parciais e total do período de utilización do transporte adaptado.

#### **Quinta.- Variacións de altas e baixas de persoas usuarias durante a vixencia do convenio**

As necesidades de transporte escolar do alumnado con discapacidade resultan de difícil previsión, ao tratarse dun colectivo altamente sensible ás enfermidades e outras indisposicións, tanto de carácter temporal como de índole permanente, que non asiste a clase coa regularidade coa que acude o resto do alumnado, e no que o número de incidencias en forma de incorporacións e abandonos que se suceden ao longo do curso escolar acada unha importancia considerable, superior aos valores rexistrados destes parámetros para o resto do alumnado.

Por esta razón, as variacións que se sucedan durante a vixencia do convenio, en forma de altas e baixas de persoas usuarias dentro do mesmo centro educativo ou nun centro educativo distinto, consideraranse unha mera redistribución do número de alumnado discapacitado que se despraza ao abeiro deste convenio de colaboración cando os importes económicos derivados das devanditas altas e baixas sexan susceptibles de



compensación, de forma que se respecte o importe máximo establecido na cláusula sexta como achega da consellería para o curso escolar 2021/2022.

A devandita redistribución instrumentalizarase mediante a actualización automática do anexo que acompaña ao convenio orixinal, ou ás súas addendas sucesivas, para que recolla en todo momento as necesidades que se están a satisfacer ao abeiro deste convenio de colaboración.

#### **Sexta.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución constituirase unha Comisión de seguimento, presidida pola persoa titular do Servizo de Apoio aos Servizos Educativos da Xefatura Territorial de Pontevedra (ou persoa en quen delegue) e formada por dúas persoas representantes da Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE e outra máis da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A citada Comisión establecerá o número de alumnado, os itinerarios e os horarios do transporte adaptado.

Así mesmo, a Comisión de seguimento resolverá as dúbidas e as discrepancias que xurdan na aplicación do presente convenio.

#### **Sétima.- Inexistencia relación laboral**

A sinatura deste convenio non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Oitava.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.



Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das administracións públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio que non se resolvesen no seo da Comisión de seguimento do convenio, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Novena.- Modificación do convenio e causas de resolución**

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

#### **Décima.- Garantía en relación á protección xurídica do menor**

Ao obxecto de garantir o cumprimento do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e á adolescencia, a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE comprométese a dar debido cumprimento ao mandato legal, no sentido de esixir a todo o seu persoal contratado en contacto con menores a oportuna acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais.



### **Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio**

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería publicará o texto íntegro do convenio.

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mailo resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto, de acordo co artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

### **Décimo segunda.- Protección de datos persoais**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

### **Décimo terceira.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen



personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo cuarta.- Vixencia**

Este convenio estará vixente durante o curso escolar 2021/2022, agás no suposto de que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.

Non obstante, poderase prorrogar por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio. En todo caso a duración máxima das prórrogas que se acorden será de catro anos desde que se acorde a primeira prórroga, de acordo co establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Estando conformes co estipulado, asíñase o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Cultura, Educación e  
Universidade

P.D. (Orde do 9.2.2021)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

O presidente da Asociación de Atención a  
la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-  
ASPACE

Carlos Godoy Casalderrey

